

## **Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.**

**Agosto 2007. Datos provisionais.**

### **COMUNICADO**

---

#### **En agosto de 2007 os prezos dos bens de exportación incrementáronse un 9,6% en taxa interanual Os prezos de importación diminuíron un 6,8%**

**Os prezos dos bens de exportación creceron un 9,6% en agosto de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.**

Os prezos dos bens exportados e expedidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 9,6% en agosto de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Segundo o destino económico dos bens exportados, as taxas de variación interanual foron do 8,8% para os bens de consumo, 14,5% para os bens de equipo e 8,5% para os bens intermedios.

En canto a variación mensual, o Índice de Valor Unitario para as exportacións apenas rexistra cambios en agosto, presentando un crecemento do 0,2% con respecto ao mes de xullo de 2007. Se a serie a corriximos de estacionalidade, a taxa de variación é do -0,6%.

**Os prezos de importación decreceron un 6,8% en agosto de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.**

Os prezos dos bens importados e introducidos na Comunidade Autónoma de Galicia decreceron un 6,8% en agosto de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Atendendo ao destino económico dos bens importados, destaca, por segundo mes consecutivo, o forte decrecemento dos prezos dos bens de equipo, un 23,6%. Os prezos dos bens intermedios e de consumo tamén decrecen con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Neste caso as taxas de variación interanual foron do -5,7% e -8,2%, respectivamente.

En canto á variación mensual, os prezos de importación rexistran en agosto un crecemento do 4,3% con respecto a xullo de 2007. Se a serie a corriximos de estacionalidade, o crecemento é do 0,2%.

## ÍNDICES DE VALOR UNITARIO DE EXPORTACIÓN

### Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens. Agosto 2007. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre mes anterior	% variación sobre igual período ano anterior	
			Do mes	Da media do que vai de ano
ÍNDICE XERAL	114,4	0,2%	9,6%	8,6%
Bens de consumo	115,6	0,2%	8,8%	12,3%
Bens de equipo	112,1	-1,2%	14,5%	8,9%
Bens intermedios	114,3	1,4%	8,5%	2,8%

FONTE: IGE. Indices de valor unitario para o comercio exterior


## ÍNDICES DE VALOR UNITARIO DE IMPORTACIÓN

### Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens. Agosto 2007. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre mes anterior	% variación sobre igual período ano anterior	
			Do mes	Da media do que vai de ano
ÍNDICE XERAL	103,4	4,3%	-6,8%	-0,8%
Bens de consumo	99,3	8,1%	-8,2%	-1,4%
Bens de equipo	69,2	3,1%	-23,6%	6,4%
Bens intermedios	110,2	3,3%	-5,7%	-2,5%

FONTE: IGE. Indices de valor unitario para o comercio exterior

No seguinte gráfico pódese observar a evolución dos índices de exportación e importación dende 2000.





---

**Índices de valor unitario. Datos corrixidos de  
estacionalidade. Agosto 2007. Datos provisionais**

	Índice	% variación sobre mes anterior	% variación sobre igual período ano anterior	
			Do mes	Da media do que vai de ano
Exportacións/expedicións	113,1	-0,6%	9,6%	8,6%
Importacións/introduccións	100,1	0,2%	-6,8%	-0,8%

---

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)